BNG DIXITAL

BOLETÍN INFORMATIVO DA COMARCA DE PONTEVEDRA-CALDAS

Nº 373
7 de marzo
de 2023

Mobilizacións do 8 de marzo en Pontevedra

12 h. Edificio Sindical. Organiza CIG

20 h. Praza de Ourense. Organiza Movemento Feminista Galego

Ana Pontón:

“O BNG impulsará novas medidas en materia de igualdade, tanto a nivel nacional como dende os concellos”

A portavoz nacional, Ana Pontón, asistiu a unha xornada de traballo entre máis dun centenar de mulleres do BNG impulsada nas vésperas do 8 de marzo para facer balance e poñer en común o traballo político dos próximos meses, tanto a nivel municipal como nacional. “Esta xuntanza é só unha mostra do noso compromiso firme coa igualdade e os dereitos das mulleres os 365 días do ano”, indicou a líder do Bloque.

Pontón declarou que “no BNG, entendemos que a actuación municipal debe desenvolverse en tres áreas: na participación e o acceso á información e aos recursos, na promoción da igualdade entre homes e mulleres, e na abordaxe integral da violencia de xénero”.

Por iso o BNG porá en marcha novas medidas como a aprobación de Plans de Igualdade Municipais, utilizando todos os recursos que sexan precisos para a súa difusión, implantación e avaliación.

Ademais, a portavoz do BNG avanzou a posta en marcha dunha Lei para a introdución de cláusulas sociais e de igualdade nos procesos de contratación pública. “Isto é algo que o Bloque xa fixo durante este mandato no Concello de Moaña e que imos estender ao conxunto de concellos galegos a través dunha lei marco que abranga o conxunto da administración galega”, declarou.

Con respecto a isto, Pontón alertou tamén da necesidade de introducir a perspectiva de xénero de maneira transversal na xestión municipal, de combater a fenda salarial, de garantir a existencia de plans de igualdade nas empresas e de promover a conciliación e a corresponsabilidade

Pontón puxo de manifesto a importancia de seguir avanzando en igualdade e construíndo unha Galiza máis xusta e democrática, tamén para as mulleres, polo que indicou que “é fundamental deseñar unha axenda feminista galega. Unha folla de ruta coa que seguir ampliando dereitos e construíndo a Galiza da igualdade: concello a concello, vila a vila”.

Creación da Valedoría de Igualdade

Dende o BNG impulsáronse grandes avances lexislativos que fixeron e fan de Galiza un país á vangarda en materia de dereitos das mulleres e políticas feministas. “Aprobamos a Lei de violencia machista de 2007, unha lei vangardista impulsada por Carme Adán, como Secretaria Xeral de Igualdade, a Lei de violencia vicaria ou a Lei Ángeles Alvariño, sobre igualdade na ciencia e a investigación”, lembrou Pontón.

Ademais, os concellos BNG son referentes en políticas feministas de distintos xeitos: a través do reforzo dos servizos públicos municipais de atención ás mulleres, a través da creación de Consellos de participación; a través da introdución da perspectiva de xénero en todos os programas ou a través do impulso de campañas pioneiras como PrimAcoso, coa que visibilizar violencias machistas invisibilizadas.

Do mesmo xeito, indicou que o BNG seguirá avanzando e poñendo o foco nas desigualdades e discriminacións que sofren as mulleres tamén a nivel nacional. Por iso, esta semana o Bloque rexistrará no Parlamento a Lei de creación da Valedoría da Igualdade, un organismo autónomo que velará polo respecto e a garantía dos dereitos das mulleres no sector privado, con capacidade para impulsar sancións diante de situacións de discriminación por razón de xénero.

“Trárase dun organismo público que existe desde hai anos nos países nórdicos, cuxa creación recomendan as institucións europeas, e co que queremos situar a Galiza nos máis altos estándares de defensa da igualdade” manifestou a portavoz do BNG.

Medidas para rematar cunha desigualdade cuantificable

Nun momento no a desigualdade é real e, sobre todo, cuantificable, Pontón indicou que “ningún dereito está asegurado se non se defende día a día”.

Na actualidade as mulleres galegas cobran máis de 4.000 euros menos que os homes, soportan unha maior precariedade laboral que os homes, asinan o 77% dos contratos a tempo parcial, perciben unhas pensións o 25,7% máis baixas que as dos homes e, mentres o risco de pobreza descendeu no último ano entre os homes, entre as mulleres aumenta e hoxe hai 8.000 galegas máis que non poden chegar a fin de mes.

“Esta situación non é casual e deriva dunha situación de discriminación e dun feito material, medible e cuantificable, indicou a líder do Bloque, “porque as mulleres soportamos máis paro, máis temporalidade e máis parcialidade que os homes”.

“A desigualdade de xénero empobrécenos como mulleres e como sociedade” concluíu, poñendo de manifesto que “por iso estamos todas nós hoxe aquí. Para seguir traballando por unha sociedade de iguais na que as mulleres sexamos cidadás de primeira”.

Ana Pontón reclama un plan de igualdade para as traballadoras autónomas que aborde a conciliación e a fenda salarial

A portavoz nacional, Ana Pontón, mantivo un encontro cun nutrido grupo de mulleres autónomas que desenvolven a súa actividade en diferentes sectores, en particular no comercio, hostalería e servizos, coas que abordou a situación laboral específica dun colectivo de traballadoras especialmente afectadas pola precariedade, inestabilidade e fenda salarial e polas dificultades á hora de conciliar.

Por iso, a líder do BNG reclama un plan de igualdade para as mulleres autónomas enfocado precisamente en dar solucións a esa problemática.

"Un plan con medidas específicas que faciliten a conciliación familiar e profesional porque, se ben é unha cuestión complexa para a maior parte das traballadoras, aínda é máis para o colectivo de autónomas que saben cando empeza a súa xornada laboral pero non cando acaba", argumentou a portavoz nacionalista, quen considera clave realizar un estudo das necesidades específicas deste colectivo en conciliación.

En relación á fenda salarial, o Bloque demanda do Goberno da Xunta medidas para corrixir as diferencias de ingresos entre homes e mulleres, que se agravan no caso das autónomas, "fenda salarial que provoca que as pensións que perciben sexan tamén máis baixas", indicou Pontón.

O plan de igualdade para as mulleres autónomas que reclama o BNG pon o foco na necesidade de aumentar o emprendemento feminino, -"neste momento as cifras revelan que non superan o 40% fronte a un 60% de homes"-, e a importancia de empoderar ás autónomas. Nesa dirección, apuntou a creación dunha Rede de mulleres profesionais que lles aporte visibilidade e apoio, "porque cada autónoma que non emprende é un emprego menos e riqueza que se deixa de crear".

Igualmente, defende adaptar os programas municipais e da Xunta para promover as iniciativas impulsadas por mulleres e fomentar o seu liderado no ámbito económico e empresarial. Tamén unha liña de apoio ao aluguer de locais, dada a carestía actual que frea a posta en marcha de proxectos.

Pontón, que estivo acompañada no encontro pola portavoz municipal e candidata en Santiago, Goretti Sanmartín, destacou a importancia do traballo das autónomas no comercio local e de proximidade, que ten un papel "crucial" para dinamizar vilas e cidades e xerar emprego de calidade, un sector estratéxico por exemplo en cidades como Santiago.

Neste sentido, subliñou que as ideas e os proxectos das mulleres autónomas son clave para axudar a construír unha cidade mellor, "unha razón máis para apoiar a capacidade e o talento das mulleres clave para unha cidade como Compostela, -as participantes no encontro desenvolven o seu proxecto en Santiago-, pero tamén para o conxunto de Galiza. Estou moi orgullosa das nosas comerciantes", sintetizou Pontón.

Galiza perde emprego autónomo

A líder do Bloque alertou de que o Goberno do PP non está acertando en relación ao colectivo porque, a diferencia da tendencia no conxunto do Estado, en Galiza decrece o número de persoas autónomas cunha caída de 2.600 traballadores por conta propia no último ano.

Neste contexto, Pontón criticou que o Executivo galego se limite a poñer "parches" e a votar en contra de todas as medidas que formula o BNG, entre elas un plan rede de emprego autónomo dotado con 20 M€ para aportar liquidez, sobre todo nun momento de incremento dos xuros que dificulta máis o acceso ao crédito.

O veto do PP tamén impediu propostas como o bono eléctrico cun investimento de 2 M€ para axudar a cubrir os custes enerxéticos así como unha liña de axudas para a innovación financiada con dez millóns de euros. "Todas proposta que recibiron un non por parte do PP, mentres neste País desaparecen 2.600 autónomos", destacou.

O BNG presenta a súa campaña para Día Internacional das Mulleres co lema "imos estar aquí o 8M e os 365 días do ano"

A portavoz nacional, Ana Pontón, presentou a primeira campaña do BNG para este 8 de marzo "que durará o ano enteiro, porque a igualdade non se reivindica un só día, constrúese os 365 días do ano", indicou. A líder do BNG quixo denunciar como, cada 8 de marzo, institucións e entidades privadas conmemoran o Día Internacional das Mulleres pero "non é suficiente se non hai un compromiso para que a igualdade exista o resto dos días do ano". "Iso chámase purplewashing", indicou, "un lavado de imaxe nun día concreto pero sen ter un compromiso real para que a igualdade se converta nunha realidade".

Reivindicando que o feminismo ten que estar presente cada día e baixo o lema "imos estar aquí o 8M e os 365 días do ano", o BNG presenta unha campaña viva, coa que reafirmar o seu compromiso feminista e denunciando as desigualdades que aínda existen no noso País. Ao longo dos próximos 12 meses o MUPI escollido para situar a campaña na rúa irá mudando a súa parte dinámica para incorporar unha nova proposta. "Cada mes haberá unha denuncia e unha alternativa, ao tempo que damos a coñecer as nosas propostas para construír unha sociedade máis xusta na que as mulleres sexamos verdadeiramente iguais" declarou Pontón.

Neste mes de marzo a denuncia céntrase na fenda salarial "porque as mulleres aínda soportamos teitos de vidro que impiden que poidamos exercer os nosos dereitos e cobramos 4.200 euros menos que os homes ao ano", denunciou a líder do Bloque. "Esta campaña non dura só o 8M, durará os 365 días do ano porque a desigualdade está aí e no BNG queremos que a igualdade non sexa unha utopía, senón unha realidade cara a que camiñemos máis rápido, concluíu.

Un estudo da Universidade de Vigo confirma Pontevedra como foco xerador de emprego

Un recente estudo da Universidade de Vigo proporciona unha visión detallada do concello de Pontevedra a través da análise dos datos de afiliación á Seguridade Social e a comparación con outros territorios, Poio, Marín e Sanxenxo, da súa área de influencia e Vigo e Vilagarcía de Arousa como referentes provinciais.

Entre a lista de concellos analizados, pódese observar que principalmente Pontevedra e en menor medida Poio son os focos de creación de emprego, mentres os concellos de Marín e Sanxenxo amosan unha situación laboral menos favorable. Os datos de afiliación á Seguridade Social indican que en Pontevedra e Poio existe un maior número de traballadores afiliados a entidades destas localidades que persoas residentes en alta laboral (ben sexan altas no mesmo concello ou noutro) o cal pode indicar unha maior actividade económica e oferta de emprego nestes municipios.

Na visión comparada con Vigo e Vilagarcía, pódese observar como en Vigo o balance é practicamente o dobre (91,88%) que a de Pontevedra en cifras absolutas (26.106 de Vigo fronte a 13.605 de Pontevedra) se ben hai que ter en conta que a poboación de Vigo (292.374) é 3,5 veces superior á de Pontevedra (82.828).

Por este motivo é salientable que en termos relativos (balance expresado en % sobre as persoas activas segundo concello de residencia) Pontevedra amosa un balance do 44,4% fronte ao 23,1% de Vigo.

Pola contra Vilagarcía presenta á data de consulta un déficit de 2.556 afiliacións (-18,8% sobre as afiliacións de alta entre os residentes).

Do estudo conclúese que Pontevedra, centrándonos nos datos dispoñibles da Seguridade Social, é, con diferenza, o maior centro xerador de emprego en termos relativos (44,4%), practicamente duplicando o balance expresado en % sobre o total de persoas residentes activas do seguinte concello (Vigo 23,1%).

Táboa resumo – Balance do Nº de persoas afiliadas á Seguridade Social, Pontevedra, o seu *Hinterland* e outras cidades referentes da provincia, Decembro de 2022

	Segundo concello de residencia	Segundo concello de alta da entidade	Balance	Autosuficiencia de emprego	Balance (en %) sobre activos residentes no concello	
Pontevedra	**30.652**	**44.257**	**+13.605**	**144,4**	**44,4%**	▲▲
Vigo	112.942	139.048	+26.106	123,1	23,1%	▲
Vilagarcía de Arousa	13.625	11.069	-2.556	81,2	-18,8%	▼
Marín	7.993	5.348	-2.645	66,9	-33,1%	▼▼
Poio	6.605	7.496	+891	113,5	13,5%	▲
Sanxenxo	6.399	5.212	-1.187	81,5	-18,5%	▼

Fonte: elaboración propia a partir de IGE e Seguridade Social.

Campolongo conta cun novo acceso directo á Avenida de Vigo após a apertura do vial nos antigos terreos da ONCE

A nova conexión entre o barrio de Campolongo e a Avenida de Vigo é xa unha realidade. O alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores, participou no acto de recepción da obra que permitiu a creación deste novo trazado, que vai desde a rúa Luís Braille, pasa por diante do Centro Sur e a ONCE e sube até o aparcadoiro de bordo desta zona -ao carón do IES Torrente Ballester-, conectando deste xeito coa rúa Urbano Lugrís e a Avenida de Vigo. «Por fin podemos celebrar a finalización desta obra que crea unha nova conexión na cidade, que osixena e permeabiliza esta contorna e ofrece unha continuidade viaria, de alta calidade urbana, con anchas beirarrúas, boa iluminación pública e mobiliario urbano», sinalou o rexedor. «Todo isto permitirá un mellor acceso a toda esta zona, tanto a pé como en coche, ao Centro Sur ou ao edificio da ONCE».

Lores lembrou tamén que nunhas semanas o Concello inaugurará tamén a nova residencia de Amencer. «Quero agradecerlle á ONCE que adiantara esta urbanización. En breve adxudicarase a segunda fase, e crearase un vial perimetral nos antigos terreos da ONCE, percorrendo o antigo muro, o instituto, baixará até María Vitoria Moreno e tamén até Luís Braille e Alfonso X», explicou o alcalde. «Estamos falando de 6.500 metros cadrados de espazo público cedido pola súa banda e da posibilidade de integrar todo este espazo que tiña a ONCE dentro da propia cidade».

A creación e urbanización deste vial contou cun orzamento de 550.000 euros. Polo momento non terá nome, sendo a comisión de Cultura a encargada de poñelo logo de estudar as posíbeis propostas que se fagan, que deberán ter en conta os criterios actuais do Concello de Pontevedra á hora de nomear o rueiro municipal, tratando de incrementar o número de rúas con nomes de muller dunha banda e, doutra, respectar a toponimia tradicional da zona.

Pontevedra arranca ao grande a conta atrás para a gran final das series mundiais do Triatlón

Cando faltan 200 días para a súa celebración, Pontevedra deu o pistoletazo de saída ao gran final das series mundiais de Triatlón, co izado da bandeira da Federación Mundial e un acto multitudinario que ateigou a praza do Concello, coas actuacións de Pablo Méndez Performances e as Tanxugueiras..

No acto previo ao izado da bandeira, Miguel Anxo Fernández Lores afirmou que "en 200 días Pontevedra volverá ser referente, volverá escribir un novo capítulo da súa historia como primeira cidade do país e do Estado en acoller a Gran Final das Series Mundiais de Triatlón, unha cita que pode achegar máis de 10.000 persoas até Pontevedra".

"Hai 10 anos nin soñaríamos con facelo, pero fomos quen de avanzar como cidade, fomos quen de sermos unha referencia, algo que nos abre portas de cara ao mundo. Esta proba é unha recompensa que o traballo conxunto fixo posíbel, o traballo entre institucións, técnicos deportivos, traballadores do día a día, corpos municipais... Queda claro que a Boa Vila non só dá de beber a quen pasa, senón que acolle, coida e anima a ese paseante. Podo asegurarvos que todos os triatletas que correron aquí lémbranse da cidade e, por iso, moitos seguen volvendo", afirmou o rexedor nacionalista.

"Celebraremos a idea de seguir medrando e de seguir expectantes polo que está por vir, por seguir sendo unha cidade coa capacidade de acoller eventos deste tipo e mesmo máis grandes, seguir sendo un referente no mundo coa súa mobilidade e accesibilidade, seguir usando as rúas para xogar, camiñar, coñecernos, competir... En definitiva, vivir"

O alcalde referiuse ás Tanxugueiras, "unhas mulleres que confiaron no seu talento, e no poderío que ten este país; a súa tradición, a súa cultura, o seu facer. Debemos estar orgullosos do noso, debemos amosalo, usar e falar a nosa lingua, expoñer a nosa arte. Así o fai Pontevedra, unha cidade que coñece este potencial e presume de ser a cidade que é polo mundo adiante", afirmou logo da bochornosa intervención en español do representante da Xunta.

Pontevedra solicítalle á Xunta que desenvolva o plan de ampliación do Polígono do Campiño antes do 2026

O Concello de Pontevedra vén de solicitar de xeito oficial o desenvolvemento da ampliación do Polígono do Campiño, tal e como informou o alcalde do municipio, Miguel Anxo Fernández Lores. «Trátase dunha ampliación inicialmente recollida na aprobación inicial do novo PXOM, xunto con outros polígonos industriais e zonas comerciais, que sumaban preto de dous millóns de metros cadrados de solo industrial e comercial, pero que tivo un informe negativo da Xunta de Galiza para a súa aprobación», lembrou o rexedor.

Co fin de dar contexto a toda a situación, Lores sinalou que a Xunta aprobou no 2014 o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galiza, aparecendo aí unha ampliación para o polígono do Campiño, cunha superficie semellante en superficie e de situación a que estaba prevista polo Concello. «Tiña unha previsión de execución de entre 2015 e 2024. A propia Xestur alegou para que fose incluída —a ampliación— como unha área de carácter estratéxico a desenvolver na primeira parte dese período. O caso é que a día de hoxe non se iniciou ningunha tramitación e temos argumentos de sobra para pedir que se faga».

Lores indicou que «se a propia Xunta recolle este posicionamento, se ademais o Concello tamén quere que así se faga», non hai motivo para non facelo. «Temos o polígono industrial Campiño-Reigosa, que lle quedan 13 parcelas sen ocupar ou sen vender, e o de Curro 19... Haberá que facer unha previsión de nova creación de terreos informais. Se non se fai estaríase a estrangular a posibilidade de acoller proxectos. O polígono do Campiño ten todos os servizos necesarios — auga, saneamento...— e sería doado e máis económico facer a súa ampliación que establecer un polígono noutro espazo. Ademais está xa a punto de rematar a primeira fase da A-57, agardemos, polo que ofrecería unha conexión directa cunha boa vía».

O rexedor lembra que se pode executar algún proxecto por fases, que permita a súa finalización antes do 2026. «Este Concello está nun momento no que hai unha altísima actividade económica e non queremos que se vexa freada esa xeración de postos de traballo, e para iso é preciso que se leve a cabo a creación de novos terreos industriais. A Xunta ten competencia para desenvolvelos e contará co apoio do Concello».

O alcalde fixo fincapé en que a actividade económica existente en Pontevedra está máis que demostrada «a todos os niveis», polo que é preciso evitar calquera tipo de estrangulamento a curto ou medio prazo.

> A actuación xa estaba incluída no ano 2014 dentro do propio plan sectorial de áreas empresariais de Galiza aprobado pola Xunta

O Concello de Pontevedra solidarízase coas traballadoras e traballadores da RTVG en folga

A Portavoz do Goberno, Anabel Gulías quixo amosar o apoio do Concello de Pontevedra a todos os traballadores e traballadoras da CRTVG que nesta xornada de luns están en folga.

«Sabemos das presións ás que son sometidas estas profesionais e consideramos que un medio público teña que estar soportando este tipo de cuestións, propias de outra época, seguro», explicou.

«Non podemos perder a ocasión, ademais, de seguir reclamando que se volva abrir a delegación que a CRTVG tiña en Pontevedra e que por parte da Xunta de Galiza se deixe de ningunear á nosa cidade. Temos moitas cousas que comunicar e moitas necesidades comunicativas que deben ser prestadas a través deste medio público, mais que lle son privadas aos espectadores destes medios públicos. É un dereito que os veciños e veciñas teñan unha información máis próxima, máis acaída e máis eficaz».

Pola súa banda, o alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores mostrou tamén o seu apoio nas súas redes sociais, cun contundente "Por unha información pública, veraz e de calidade, para todos e para todas, hoxe e sempre #DefendeAGalega".

Campaña de sensibilización para cumprir coa nova Lei de Resíduos e Solos Contaminados

O Concello de Pontevedra iniciou, coa Federación de AAVV Castelao unha xeira de contactos e encontros con entidades veciñais e sociais para dar a coñecer a nova Lei de residuos e solos contaminados para a economía circular.

A Lei entrou en vigor hai case un ano cos seguintes obxectivos:
• A reciclaxe do 55% de todos os residuos en 2025
• A reciclaxe do 60% dos residuos en 2030
• A reciclaxe do 65% dos residuos en 2035

Raimundo González adiantou que "estamos con posibilidades certas de acadar estes obxectivos de 2025 porque temos moito andado e estamos poñendo os vimbios para conseguir eses obxectivos". En Pontevedra xa está implantada a fracción separada de papel, plástico, envases e vidro e "ademais, levamos implantado a compostaxe", que obrigaba a propia lei a poñela en marcha a 30 de Xuño de 2022 nos concellos de máis de 5.000 habitantes.

"Nós imos seguir incrementando zonas para o despregue do colector marrón igual que estamos á espera de poñer máis composteiros comunitarios", explico Raimundo González, que aclarou que se ben se ten adiantado en materia de biorresiduos por parte do Concello, "a nova lei tamén obriga a que a hostalería faga recollida separada dos biorresiduos, e antes de decembro de 2024 vai a ser obirgatoria a recollida separada de textis e voluminosos, aceite de cociña usado e residuos domésticos perigosos".

Raimundo González recoñeceu que "todo isto non sería viable se non se ten en conta a sensibilización neste asunto e a colaboración da veciñanza e das entidades cidadás en particular", por iso a campaña de difusión para facer chegar as obrigas da Lei a todos o ámbito do concello.

Despois desta primeira reunión haberá outras con entidades empresariais como con Zona Monumental, con entidades ecoloxistas..., imos ter reunións con todo tipo de asociacións", co obxectivo de incrementar a recollida de biorresiduos que até o de agora era un programa voluntario pero, neste sentido, a lei obriga a facer recollida separada.

Raimundo González recordou que o Concello agarda a colaboración veciñal "e se houbera nunha parroquia ou barrio ou alguna entidade que se quere ter coñecemento sobre a aplicación da nova lei, pode dirixirse a nós" a través da páxina web https://www.pontevedra.gal/areas/xestion-residuos/

"O que pretendemos é que esta lei vaia a bo porto porque nós apostamos por unha economía circular coa mínima emisión de gases de efecto invernadoiro, e entre todos poderemos conseguir unha cidade mellor", concluíu o concelleiro.

O Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galiza (Tacgal) desestima o recurso presentado pola Aselip contra o futuro contrato de xestión dos residuos municipais

O Concello recibiu as resolucións do tribunal administrativo de contratación pública de Galicia (Tacgal) sobre os recursos que foran presentados contra o futuro contrato para a xestión dos residuos municipais. «Había dous recursos: un que poñía en cuestión todo o estudio económico, o sistema de recollida e outros factores que de darlle a razón implicaría ter que empezar de novo a creación deste contrato; namentres o outro recurso era dunha empresa ligada a Cáritas e cuestionaba que non se reservara para empresas de economía social a recollida de textis», afirmou o concelleiro responsábel, Raimundo González.

Así, as resolucións chegadas até as dependencias municipais desestiman na súa totalidade, punto por punto, o recurso presentado pola Asociación nacional de empresas de limpeza pública (Aselip), «o lobby ou cártel das empresas deste sector», sinalou o edil. «Están aí todas as grandes empresas deste sector. Sexa como for, o Tacgal desestima o seu recurso e, no fondo, está a recoñecer a viabilidade e adecuación do contrato a un novo modelo de xestión de residuos municipais».

González quixo lembrar que o novo modelo, que estaba en licitación foi suspendido de xeito cautelar, «prímase que haxa máis compostaxe, máis reciclaxe, máis prevención de residuos, menos incineración e, como consecuencia de todo isto, máis pago ás empresas adxudicatarias no caso de cumprir todo iso. O contrato que estamos a licitar obriga ás empresas a obter uns resultados medioambientais axeitados ou, do contrario, se lles estaría penalizando económicamente».

Doutra banda, o recurso que facía referencia a recollida dos elementos textis. «É unha cuestión moi colateral, pois nós o que propoñíamos é que a empresa adxudicataria subcontratase a empresas de economía social... pero segundo o Tacgal non pode ser, ten que ser unha empresa de economía social segundo a Lei. Nós cremos que a Lei si admite a primeira visión, pero o Tribunal ten outra e non o imos discutir».

O concelleiro de Residuos explicou que esta cuestión, «en todo o cómputo do contrato» o referido aos textis sería implicaría apenas uns 50.000 euros, dentro dun contrato de 11.670.000 euros, ou o que é o mesmo, 233 millóns de euros ao cabo dos vinteún anos. «Estamos a falar dun 0,5 % do contrato. Pensamos que por cuestións de economía de escala e razóns medioambientais era mellor que se puidese subcontratar... Porén, imos recollelo tal e como foi indicado, non temos maior problema».

Así, o Concello deberá agora modificar os pregos do futuro contrato, correxindo esta cuestión. Xa están sendo analizadas estas cuestións polos diferentes servizos do Concello, e nos vindeiros días o edil manterá diversas reunións para "corrixir o que haxa que corrixir co fin de volver a licitar o contrato e reiniciar o prazo de presentación de ofertas»,.

Santa María de Xeve estrea un novo roteiro que pon en valor o seu patrimonio histórico e patrimonial

O pasado sábado, 4 de marzo, a parroquia de Santa María de Xeve estreou o seu novo roteiro circular de case 6 quilómetros que pon en valor algúns dos elementos patrimoniais e históricos cos que conta a súa veciñanza.

O novo roteiro é circular posúe unha dificultade baixa á hora de camiñalo e xa ten instalados os diversos elementos de sinalización en forma de paneis informativos que dan conta dos elementos patrimoniais que teñan ao seu carón. Tamén hai postes que indican a dirección do percorrido. O trazado parte da igrexa de Santa María, pasa pola Torre Vella, o pazo de Gondar, o cárcere de Gondar, o miradoiro da Pedreira, A Forca, a Casa da Audiencia, as pedras do Becerral, o Outeiro do Castro, o miradoiro do Outeiro Vello, o cruceiro do Regueiro, o muíño vello, a casa dos Monteagudos, a casa da Sancristana, a casa antiga do Concello e remata no punto de inicio.

O Principal acollerá a 39 edición da Semana Galega de Filosofía para falar de Filosofía e arte

A concelleira de Cultura, Carmen Fouces recibiu á Aula Castelao de Filosofía, organizadora da Semana Galega de Filosofía que volverá ao Teatro Principal entre o 10 e o 14 de abril para falar de Filosofía e arte. Entre os relatores estarán Francisco Jarauta, catedrático de Filosofía da Universidade de Murcia e a escritora Remedios Zafra, científica do CSIC.

Os representantes da Aula Castelao de Filosofía achegáronse ao Concello para presentarlles o programa da 39 edición que se desenvolverá en sesións de mañá, tarde e noite, todas de balde, no Principal.

A concelleira de Cultura Carmen Fouces destacou o esforzo da Aula Castelao "por traer a Pontevedra todo tipo de especialistas en todos os eidos". Ao respecto da temática desta edición, sinalou a importancia da comuñón do Concello de Pontevedra coa arte, especialmente neste mandato, coa compra do Convento de Santa Clara ou a exposición, aínda en marcha, de A cidade é a pegada.

Os organizadores destacaron que a presentación do programa completo será o vindeiro 10 de marzo, pero adiantaron que "cada ano é un novo reto".

O Concello renova a pavimentación da contorna do centro social dos Areás en Mourente

Ao longo dos últimos días, a área municipal de Obras no rural avanzou na actuación de rehabilitación superficial do pavimento que se atopa na contorna do centro social dos Areás, na parroquia de Mourente. Trátase dunha intervención demandada pola veciñanza do lugar e está a permitir a recuperación do firme, facilitando a accesibilidade deste espazo así como a mellora da comodidade nos desprazamentos, como acontece coa liña de Bus Urbano que pasa por aquí.

Tal e como sinala o concelleiro Alberto Oubiña, tamén se está a instalar unha nova canalización para a recollida de augas pluviais, inexistente até o de agora. «Este elemento vai mellorar todo o relacionado coa recollida de auga de choiva, que se produce nos días de máis precipitacións, sendo canalizada até un regato existente e facilitará que se desenvolvan mellor as actividades que de promoven nesta zona».

A obra está a ser realizada con cargo aos fondos do contrato de mantemento do rural, adxudicado á empresa Casas.

As I Xornadas de Banda Deseñada ‘BDra Gráfica’ chegarán ao Principal e o Museo do 17 ao 19 de marzo con charlas e presentación para profesionais e público en xeral

A concelleira de Cultura Carme Fouces presentou, as que serán as primeiras xornadas de Banda Deseñada de Pontevedra, ‘BDra Gráfica’ acompañada polo principal coordinador do evento Kiko Dasilva, Natalia Mosquera de La Cúpula Editoria e Cano Paz da libraría Paz especializada en cómic.

“Seguimos presentando iniciativas culturais na cidade, xa que a cultura é unha parte dundamental do Modelo de Cidade. De aí nacen as persoas creativas, os proxectos talentosos, como esta I Semana de BD, que, Con Kiko Dasilva, máximo exponente nese ámbito, desprega toda a súa potencia pedagóxica, artística e profesional coordinando este primeiro ciclo.

Antes de presentar a Kiko Dasilva, Natalia Mosquera de La Cúpula “agora asentada en Pontevedra e traballando para o mundo” e Cano Paz, rexente da libraía máis importante con fondos de BD.

Fouces apuntou á “importancia da colaboración entre institucións para sacar adiante proxectos de todo tipo. Por iso o Museo tamén será sede deste evento e acollerá charlas e diversas exposicións de orixinais”.

Kiko Dasilva foi o encargado de debullar a programación e comenzou por desvelar a razón da escolla destas datas para a celebración de ‘BDra Gráfica’: “O 17 de marzo será a primeira vez no Estado español que se festexe o Día do Cómic. Escolleron ese día para conmemoralo en relación á revista TBO, a primeira revista deste xénero, que acabou dándolle nome ao tebeo”.

Sobre o nome das xornadas, Kiko comentou que “buscabamos que fora comiqueiro pero que nos levara á nosa cidade e quixemos que fose no propio nome”

“Quixemos empezar estre proxecto humildemente con 3 días, preferindo a calidade á cantidade. As xornadas terán lugar o 17 ao 19 de marzo a cabalo entre a Sala superior do Teatro Principal e o Museo, pero as exposicións estarán instaladas e visitables ata o 9 de abril. É un formato para todo o público que contará con obradoiros para escolares o venres pola mañá (de creación de CELS de Dragon Ball da man de O Graxe Hermético e con Jorge Campos sobres como facer BD desde cero) ao tempo que se celebran no Museo as xornadas profesionais tanto para autores como para aqueles que se están formando baixo o título “De profesión, autores de cómic” e na que participarán Ana Miralles, Miguelanxo Prado, José Ángel Ares, Anabel Colazo, Alicia Jaraba e eu mesmo, para falar de toda a problemática que ten traballar na nosa profesión”.

A tarde do venres contará de 17 a 21 con diversas presentacións para público en xeral no Principal que continuarán o sábado á mañá con XINFU de Adrián Morgade e a Editorial Xerais e MIQUITS de Antenla editora e dúas autoras pontevedresas que van editar próximamente con esta editorial. Simultáneamente no Museo haberá de novo xornadas profesionais e pola tarde no Principal novas charlas con José Ángel Ares e Anabel Colazo e os seus edirores de La Cúpula e ás 18.30h da man de Antonio Altarriba autor de "El arte de volar" e guionista recoñecido con premio nacional. A mañá do domingo será a derradeira das xornadas cos Premios O Garaxe Hermético de Banda Deseñada da man de Xerais e con Anémona de Río, Miguel Rojo (pontevedrés) e Pablo Prado, Fonso Barreiro e Ánxel Carramal (pontevedrés) acompañados polo director de O Garaxe Hermético, Kiko da Silva que pechará as xornadas nunca conversa con Miguelanxo Prado.

Kiko destacou as exposicións que permanecerán no Museo ata o 9 de abril con 100 orixinais de Ana Morgade, a “autora máis cotizada de venda de orixinais. Un privilexio enorme contar con ela nestas primeiras xornadas, cun cartaz deseñado por ela, a exposición e a súa presencia, especialmente porque non é moi proclive” e a que reúne 85 CELS (plásticos de acetato cos que se facían os debuxos que viamos antes pola TV) orixinais de Dragon Ball, cedidos por un coleccionista particular.

O Principal acollerá venda de libros da man das editoras participantes no evento (LA CÚPULA, NUEVO NUEVE, LETRA BLANKA, GP EDICIONES, ANTENLA EDITORA e RETRANCA EDITORA) e as mostras dos Premios de O Garaxe Hermético e Xerais e da PEIC, da que falou Natalia Mosquera, que asistíu á rolda en representación de La Cúpula: “esta Plataforma de Editores Independientes de Cómic, naceu na pandemia cando pecharon as librarías e vimos o futuro algo negro. La intención era aunar esforzos, buscar sinerxias e establecer colaboracións. Pasamos de ser 4-5 naquel momento ás 16 que somos agora. É un foro de debate, una plataforma para solucionar problemas, etc”. Mosquera quixo agradecer a Kiko que tivese en conta ao sector profesional á hora de configurar as xornadas en tempos “convulsos para a BD” , xa que destacou que nos últimos tempos, proliferan os eventos centrados na simple venda de exemplares.

Pechou as quendas de intervencións Cano, da Libraría Paz, especializada en BD, que estará xuntos as editoras e as librarías Nobel e Sejas vendendo exemplares dos autores deste ano na Sala superior do Principal e apunta “que outras librarías como Nobel ou Seijas, especializada en literatura infantil, estean nun evento como este quere dicir que o mundo avanza e que agora en cada libraría hai unha pequena sección de BD. É preciso que a xente sinta como normal entrar nunha libraría e mercar unha novela ou unha BD porque toda esas historias que se buscan na novela negra, de amor, etc están tamén na BD”.

Tal e como indicou Moreda, este «é o primeiro doutros roteiros que están proxectados noutras parroquias. Patrimonio hai moitísimo e de seguro que no futuro poderemos presentar a creación doutros percorridos desta clase».

Lores presenta a cea do vindeiro 17 de marzo no Recinto Feiral como unha cita «ilusionante» e «para toda a veciñanza que sente paixón por Pontevedra»

O vindeiro venres, 17 de marzo, a veciñanza terá a oportunidade de asistir a unha cea no Recinto Feiral, ás 21.30 horas, co fin de «celebrar Pontevedra», en palabras do alcalde Miguel Anxo Fernández Lores.

«É un acto moi importante para min, unha das citas que máis ilusión me fai nestes intres, pois estarei acompañado dunha parte importantísima da sociedade pontevedresa: xente do rural, dos barrios, xente do centro, traballadores, empresas, autónomos, xente da cultura, xente da sanidade, xente de deporte, xente do ensino, da creatividade, etcétera...», indicou. «Todos estas persoas coas que quero compartir esta cea teñen tres características comúns: o amor por Pontevedra, a confianza no futuro de Pontevedra e a de ter e compartir proxectos para que Pontevedra avance. En definitiva, únenos a paixón por Pontevedra».

O alcalde fixo fincapé na súa ilusión polo futuro e subliñou «o bo ambiente que se está a vivir estes días» na preparación desta cea, unha festa na que poderá participar a veciñanza da Boa Vila que así o desexe, poñéndose en contacto co local do BNG en Pontevedra a través dalgunha das vías de contacto dispoñíbeis.

Lores lembrou que esta é unha cea «de reunión, co fin de compartir moitas cousas con moitísima xente». Estímase que preto de 2.000 persoas estarán presentes durante a celebración da mesma, «compartindo unha mesma ilusión por Pontevedra», entre elas a portavoz nacional do Bloque Nacionalista Galego, Ana Pontón, tamén participará na cita.



Homenaxe a " O Rubio"

Un grupo de amigas e amigos do noso compañeiro Xosé Luís Bouzas Ambroa, "O Rubio", recentemente falecido, organizan u vindeiro sábado 18 de marzo unha homenaxe, na que haberá competicións deportivas e un xantar ao prezo de 22 euros.

Os tickets poden adquirise até o día 15 en cafetería A Chan, Estanco Cuiña ou Casa Inés (Carballedo) ou na tapería Casa Ángel (Tenorio)

Cea-presentación da candidatura de Barro

O vindeiro sábado, 25 de marzo, ás 21 h. a explanada do Pazo da Crega acollerá unha cea de presentación da candidatura do BNG de Barro, que encabeza Xosé Manuel Fernández Abraldes.

Os prezos da cea son de 20 euros para persoas adultas, de 10 para crianzas de 6 a 10 e de balde para os menores de 5 anos.

Se desexas asistir podes solicitar o teu bono a calquera compañeiro de Barro ou directamente no local comarcal.

A Casa da Cultura queda pequena para acoller a presentación de Natalia Camiña como candidata á alcaldía de Cuntis

O pasado sábado, a Casa da Cultura de Cuntis quedou pequena para acoller o acto de presentación pública de Natalia Camiña como candidata á alcaldía de Cuntis. Arroupada polo activista cultural, Héitor Picallo, e a eurodeputada, Ana Miranda, Natalia Camiña afirmou que "hoxe comeza un gran proxecto de futuro para Cuntis, que afrontamos con moitas gañas, ilusión e respecto".

"Nacín aquí, na Pena de Vilabar, fun á escola aquí, medrei aquí, fraballo aquí, formo parte da agrupación municipal de música de Cuntis, e desexo que a miña vida laboral, de ocio e política continúe estando aquí", afirmou a candidata nacionalista, para afirmar que "está comprometida coa lingua e a cultura e que é hora de rematar xa co conformismo que caracteriza a política municipal, porque Cuntis precisa cambios e precisa ter esperanza para ter futuro".

"Dóeme ver como Cuntis esmorece, Négome a caer no conformismo de ver como a miña xeración e as xeracións vindeiras teñen que marchar para poder vivir dignamente", afirmou a candidata do BNG, que deixou cair un dato extremecedor: desde 2008 Cuntis perdeu nada máis nin nada menos que o 11% da súa poboación, baixando dos 5000 habitantes e, en consecuencia, perdendo numerosos recursos económicos.

Natalia Camiña debrullou os principais problemas que ten o concello, "uns problemas que son compartidos pola maioría da veciñanza": o abandono do rural, a perda de servizos públicos, con cada vez menos servizos de autobús e o PAC de referencia practicamente desmantelado, a falta de alternativas de ocio tanto para a mocidade como as persoas adultas, a escaseza de empregos, cun polígono industrial que aparece como promesa electoral cada cadro anos e que aínda segue sen despegar, a falta de vivenda asequíbel, a pésima xestión do concello, que fai que se perdan subvencións pola súa mala tramitación, ou a falta de seguranza viara, tanto na N-640 como nas pistas municipais.

Pero, a pesar desta situación "non podemos nin debemos resignarnos. O futuro pode ser distinto, os problemas teñen solucións se se ten un proxecto de concello, se fai unha boa xestión do mesmo, se se aproveitan os recursos cos que contamos, que son moitos, e se lle dá voz a todos os veciños e veciñas.... Cuntis ten un gran potencial que está desaproveitado. Temos un gran patrimonio cultural, arqueolóxico e termal que debemos poñer en valor. Temos uns recursos naturais e turísticos impresionantes que debemos coidar e que nos dan riqueza", afirmou a candidata a alcaldesa de Cuntis.

Para demostrar que, con políticas axeitadas, se pode sair dunha situación de declive e avanzar, Camiña puxo en valor concellos gobernados polo BNG como Allariz, Tomiño, O Rosal ou Pontevedra, "que son referentes dentro e fóra de Galiza", pero sobre todo centrouse no veciño concello de Barro, "un concello que gaña poboación, consegue investimentos e fai melloras nos servizos públicos, un concello rural de menos de 5000 habitantes, como é o noso hoxe, pero que está en boas mans, cun goberno do BNG cun proxecto claro, que lle imprime impulso e fai de Barro un concello referente no que mirarnos. Vendo o exemplo de Barro, fica claro que Cuntis merece máis e pode ter máis".

Natalia Camiña rematou a súa intervención diante dun auditorio entregado, afirmando que "conto con todas e todos vós, porque xuntosp odemos darlle unha volta en positivo a Cuntis. "Imos presentar unha candidatura moi potente, con veciños e veciñas con ilusión, preparación e gañas de traballar para facer de Cuntis un concello mellor, un concello con futuro"

Sol Seoane: "Ponte Caldelas precisa un novo impulso, que só poderá vir da man do BNG"

O pasado sábado tivo lugar no colexio público Manuel Cordo Boullosa de Ponte Caldelas a presentación pública da actual portavoz municipal do BNG, Sol Seoane, como candidata á alcaldía.

Ante un auditorio cheo, e arroupada polo concelleiro Xavier Lourenzo e polo deputado e candidato á alcaldía de Soutomaior, Manu Lourenzo, Sol Seoane afirmou que "estamos decididas a renovar o fondo e a forma de facer política en Ponte Caldelas e estamos en condicións de ofrecer unha alternativa solvente e realista para o noso concello".

Sol Seoane, contrapuso a forma de funcionar dun concello BNG co que hoxe goberna Ponte Caldelas: "O Concello debe estar sempre do lado da veciñanza, como nos gobernos BNG, e non para sr usado como un instrumento para o beneficio propio e da auto-promoción".

"O futuro do noso Concello pasa por un necesario cambio de rumbo, pola necesidade de acadar un Concello vivo, aberto á xente e democrático; un que fomente a participación da cidadania a través das Comunidades de montes, as comunidades de usuarios de augas, asociacións de veciños, asociacións culturais de mulleres do rural de comerciantes e que garanta a transparencia na xestión dos asuntos públicos".

O BNG -insistíu Sol- "é unha forza sólida, seria, confiable, que demostra alí onde goberna que somos eficientes, honestos e que colocamos ao Concello ao servizo das persoas. "Nós non somos un proxecto personalista, somos un proxecto colectivo, onde mulleres e homes compartimos o anceio de crear un Ponte Caldelas máis próspero, máis dinámico, un concello orgulloso da nosa lingua; comprometido cunha oferta cultural de calidade, un concello que aposte polo emprego e reactive a vida económica".

Soutomaior é o concello coa renda máis baixa da ría de Vigo e o cuarto que menos riqueza xera da provincia de Pontevedra

O Produto Interior Bruto por habitante de Soutomaior situase en 10.728 € por habitante, a cuarta cifra máis baixa da provincia de Pontevedra e moi lonxe da de concellos limítrofes como Vilaboa, que se sitúa nos 16.287 euros, ou Ponte Caldelas, que creceu até os 19.697 euros.

Esta magnitude mide en euros a riqueza xerada nun Concello en bens ou servizos, e sitúa a Soutomaior no vagón de cola provincial.

"Antes camiñabas pola Xosé Solla e todo estaba cheo de negocios, agora atopámonos baixos baleiros e algo tan triste e significativo como unha praza de abastos case centenaria coa reixa baixada e sen vida no seu interior", afirman .

Pero ademais, Soutomaior é o concello que amosa peores datos económicos de toda a ría de Vigo. A pesar da súa situación estratéxica e de ser un concello costeiro, os indicadores económicos de Soutomaior reafírmano no inicio deste 2023, como o concello no que a veciñanza padece a peor situación económica de todos os concellos da Ría de Vigo.

A pesar de que no pasado Soutomaior foi un concello próspero, hoxe por hoxe é o concello con menor Renda Media Bruta e a menor Renda Dispoñible por habitante de todos os concellos da ría de Vigo, mesmo por detrás de concellos con menos habitantes, como Vilaboa. Isto tradúcese en que as familias de Soutomaior son as que teñen menos cartos dispoñibles para facer fronte ás súas necesidades

A este respecto, o portavoz municipal do BNG Manu Lourenzo sinalou que "é insólito que nun concello como o noso, coa ría, coa nosa localización, co camiño de Santiago ou con sectores produtivos como o viño ou a hostalaría sexamos os máis pobres da provincia, e con case a metade do PIB que concellos máis pequenos coma Ponte Caldelas ou Vilaboa.

Soutomaior está nunha crise gravísima despois dos últimos 28 anos de goberno do PP. Converteron Soutomaior nunha vila dormitorio, sen industria e sen actividade e os datos oficiais do IGE non fan senón certificar esta situación.

"Por iso dende o BNG non nos resignamos a ver como os concellos da contorna avanzan e nos quedamos estancados, Querémoslle a este concello, e temos proxecto para acabar con esta vergoña. Soutomaior merece máis e imos dar o mellor de nós para que o concello e as familias superen esta situación" concluíu Lourenzo.

O Instituto Galego de Estatística sitúa o PIB de Soutomaior como o cuarto máis baixo da provincia de Pontevedra, só por detrás dos Concellos de Crecente, Pazos e Oia, e moi lonxe de concellos como Vilaboa ou Ponte Caldelas

Barro chegará antes do verán á cifra de 1.156 luminarias cambiadas a tecnoloxía LED

O Concello de Barro continúa dando pasos de xigante no seu obxectivo por modernizar a rede de alumeado público e apostar pola eficiencia enerxética coa saída a concurso de público dun proxecto para cambiar máis de 500 luminarias por unhas de tecnoloxía LED de última xeración.

"Con este novo proxecto seguimos avanzando na modernización da rede de alumeado público, ao mesmo tempo que conseguiremos un importante e necesario aforro no consumo eléctrico", destaca o alcalde de Barro, Xosé Manuel Fernández Abraldes.

Este novo proxecto, que renovará 513 lámpadas no lugar de Bretoña, e varios lugares das parroquias da Portela, Perdecanai, Valiñas e Barro, terá un custo de 239.593,31 euros financiados con fondos europeos Next Generation captados polo concello a través do programa DUS 5000.

Ata este momento o goberno municipal xa executou o cambio de 243 luminarias e hai outro de 400 unidades que se comezará a executar nos próximos días ao largo da PO-531 ao seu paso pola Portela e Curro, no polígono de Outeda e no núcleo do Santo antoniño.

A esta cifra hai que engadir as 513 deste novo proxecto que sae agora a licitación e que sumarán un total de 1.156 luminarias cambiadas a LEDantes do verán, unha tecnoloxía que ademais de mellorar a iluminación, permite acadar un aforro enerxético cercano ao 70%.

O BNG acada un acordo unánime para impulsar un protocolo contra as agresións e abusos sexuais nos lugares de ocio nocturno

O BNG acadou un acordo "unánime" para elaborar un protocolo de prevención e intervención contra as agresións e abusos sexuais no ocio nocturno.

Na defensa da proposta, a deputada do BNG, Olalla Rodil lembrou o acontecido no fin de ano de 2022 nun local nocturno de Barcelona. Unha violación, dixo, aínda por xulgar, cometida presuntamente polo futbolista Dani Alves nunha discoteca na que, afortunadamente, "todo o persoal, desde o que traballa na barra até o persoal de seguridade, recibira formación e información en materia de violencia machista".

Concretamente, insistiu Rodil, coñecían a existencia dun protocolo posto en marcha pola patronal do ocio nocturno xunto co concello de Barcelona e a Generalitat de Catalunya, centrado nas violencias sexuais que se poden producir nestes locais.

"Un protocolo moi completo que garante a protección das mulleres agredidas, con ferramentas para que o persoal saiba como actuar, garantir o acceso das mulleres aos recursos de apoio e acompañamento así como favorecer, especialmente, o labor de investigación policial en caso de denuncia".

A verdade é que despois de facerse público o caso, dixo a nacionalista, puidemos constatar como a Delegación do Goberno español en Galiza tivo "máis ansia" por saír na prensa cun titular que por aproveitar o debate social xerado polo devandito caso e traballar con rigor na loita contra as violencias machistas nos establecementos de ocio nocturno, pasando mesmo por riba da hostalaría e da propia Xunta con competencias neste ámbito.

Na actualidade, explicou a deputada, "o Goberno español conta só cunha Guía violeta" que non aborda de maneira específica o ocio nocturno nin supón protocolo de ningún tipo e sen medidas concretas ao ser exclusivamente unha guía de carácter xeral.

Pola contra, a raíz deste caso, desde o BNG impulsamos esta proposición non de lei co obxectivo de que, situacións coma esta ou outras que acontecen no noso país e poden seguir acontecendo, sexan abordadas con todas as garantías e coas ferramentas necesarias para: "blindar os dereitos das mulleres agredidas. A súa atención, acompañamento e protección e formar e informar todo o persoal dun sector, que polas súas características rexistra moitas das agresións sexuais que se producen en Galiza".

Aumentan as denuncias por violencia sexual en Galiza

Neste sentido, a parlamentaria sinalou que na actualidade, segundo os datos da enquisa realizada no 2021 pola Xunta, a respecto do 2020, aumentaron as denuncias por violencia sexual: delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, + 29%, agresións sexuais con penetración, +32% e resto de delitos sexuais, +25%. Un incremento relacionado con que "denunciamos máis e toleramos menos".

Cos datos do Ministerio do Interior, producíronse en Galiza durante o ano 2021, 707 delitos sexuais e en España unha violación cada catro horas

Intervencións de respecto e legalidade

Por outra parte, afirmou que en calquera intervención debe primar o "respecto absoluto" ás decisións da persoa agredida, a imparcialidade para aplicar o protocolo sen discriminación, cumprir a legalidade e seguridade xurídica, claridade sobre o que ten que facer cada quen e en cada momento así como actuar nas diferentes situacións que se poidan producir.

Tras a intervención da portavoz popular, Rosalía López Sánchez que propuxo unha emenda ao texto nacionalista, finalmente a deputada do BNG propuxo unha transacción para acadar un acordo por unanimidade baixo os seguintes puntos:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Abrir un proceso de diálogo con representantes do ocio nocturno, no marco do Observatorio galego da violencia de xénero, para impulsar a elaboración, aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais. O protocolo deberá incluír, entre outras, actuacións en todos os ámbitos (incluídos o sanitario e o policial) así como: formación e información específica dirixida ao persoal dos estabelecementos.

2. Publicar o protocolo e todo o material ligado a el (sinaléctica, fluxogramas, anexos) a través do portal Web da Xunta de Galiza, para garantir a súa difusión entre os estabelecementos e calquera persoa que a título individual o queira coñecer.

> Olalla Rodil advirte do aumento das denuncias por violencia sexual en Galiza e urxe á divulgación do protocolo co fin de dar seguridade e protección ás mulleres ante calquera ataque sexual

O BNG insta á Xunta a crear unha mesa de diálogo permanente coas entidades bancarias para recuperar a atención presencial

O BNG emprazou á Xunta a establecer unha mesa de diálogo coas entidades bancarias que operan en Galiza para recuperar a presencialidade nas sucursais da banca no País, cuxos efectos xa son palpables a nivel social, de acceso á propia banca e en relación á fenda dixital das persoas maiores e colectivos vulnerables.

O portavoz de Industria, Ramón Fernández, denunciou as problemáticas que os peches das entidades bancarias provocan na sociedade galega, como é o traslado do emprego cualificado a cidades como Madrid, "e non só os de dirección, que xa estaban concentrados alí, senón os que teñen a ver co soporte tecnolóxico do novo modelo de negocio e de prestación dos servizos", criticou. Unha redución do número de oficinas que ten que ver "coa concentración do negocio bancario en poucas entidades que ademais se comportan como un auténtico cártel en canto a comisións, xuros, prácticas de venda, atención ao cliente", denunciou.

De feito, Fernández aproveitou para advertir que accións como o permiso de fusión a Caixabank e Bankia, permitida polo goberno central, provocan "que todos e todas nós, consumidores digamos domésticos, sexamos consumidores virtualmente cativos e cativas". Unhas condicións que dificultan a colectivos como o autónomo "acceder ao crédito", en contraposición "ás grandes corporacións que negocian a outro nivel e dispoñen doutros mecanismos de financiación".

O deputado do BNG criticou a actitude dun sector bancario que está a gañar grandes beneficios e que, ao cambio, non están a repercutir en oficinas de proximidade e accesibles para toda a cidadanía, senón todo o contrario, "como é o caso do Banco Santander", sinalou, que gañou no ano 2022 9.605 millóns de euros, "o mellor resultado da súa historia", remarcou, cun saldo con 271 oficinas pechadas; o Sabadell, con 859 millóns de beneficios, "o segundo mellor resultado de toda a súa historia, só por detrás do ano 2009", con 49 oficinas pechadas nos últimos cinco anos; CaixaBank, con 69 sucursais menos; BBVA, "tamén cos beneficios máis altos da súa historia", con 41 peches e ABANCA, que nos últimos cinco anos pechou 122 oficinas.

Ademais, o portavoz de Industria denunciou que esta situación de peches tamén afecta á propia seguridade bancaria das persoas usuarias, xa que "un 21% dos clientes financeiros admite ter sido vítima dunha tentativa de hackeo, e o 10% recoñecen que efectivamente chegou a producirse, este mesmo informe desvela ademais que máis dun 38% das vítimas de hackeos son menores de 35 anos", argumentou.

Outro colectivo fortemente afectado, advertiu o deputado do Bloque, é o pensionista, "porque un 40,5% de persoas maiores de 65 anos nunca se conectaron a internet e apenas 1 de cada 10 maiores de 75 sabe xestionar unha cita co médico cunha app ou unha web", declarou, citando datos do Instituto Nacional de Estatística. A progresiva retirada de oficinas presenciais para a súa xestión bancaria provoca un sentimento de "frustración e tristeza", no colectivo pensionista. Esta fenda dixital, recriminou, " xeran persoas vulnerábeis dixitalmente", como sucede nas contornas rurais "e tamén con moitas persoas migrantes, ou coas persoas sen fogar".

Fronte esta situación, o BNG emprazou ao Goberno do PP a conformar unha mesa de diálogo coas entidades bancarias que operan en Galiza, proposta que obtivo a negativa dos Populares, que rexeitan desta maneira previr o posible peche futuro de aínda máis oficinas bancarias presenciais no País.

O BNG denuncia a falta de perspectiva de xénero do Goberno do PP nos nomeamentos de Embaixador ou Embaixadora do Camiño de Santiago

O BNG levou ao Parlamento a falta de paridade e perspectiva de xénero nas decisións do Goberno do PP na concesión do título de Embaixador ou Embaixadora do Camiño de Santiago. Este título só pode ser concedido a 8 persoas, das cales 6 xa foron homes nomeados pola Xunta, previa decisión do seu presidente, sen aínda ningún nomeamento feminino.

Un título honorífico marcado, nestes momentos, por unha actitude "rancia e machista", cualificou Pérez, debido a falta de mulleres no mesmo. Dentro dos homenaxeados, criticou a afinidade dos mesmos co Partido Popular, como é ocaso de dous, o ex-presidente do goberno central, Mariano Rajoy e o ex-conselleiro dos Populares, Vázquez Portomeñe, o que outorga a estes nomeamentos "certo aroma partidista", ironizou.

"No que atinxe á igualdade, ademais dun maior compromiso orzamentario, precísase unha maior visibilización. Un dos maiores valores a transmitir debe ser o da igualdade entre homes e mulleres", criticou a deputado do BNG, Daniel Pérez. Puxo como exemplo a "falta de visión igualitaria da Xunta, que non contempla a ningunha muller como Embaixadora do Camiño, porque xestos coma estes tamén importan", remarcou, sobre "un PP que se lle escapa o machismo polos poros".

O deputado do BNG puxo o foco na maneira de comportarse duns Populares "que practica o feo costume de identificar ao partido co goberno da Xunta", e apelou aos Populares a respectar o espírito institucional de servizo "a todas as galegas e galegos". Como exemplo deste "partidismo", denunciou os "contratos escuros con xornalistas para a promoción do Camiño de Santiago en programas nos que está ausente a lingua galega".

En relación co Camiño de Santiago, o parlamentario nacionalista valorou a oportunidade que supón para o desenvolvemento económico galego, "xa que conleva unha espiritualidade que cremos positiva e que potencia a propia marca do Camiño", valorou, mais criticou o actual modelo do PP, baseado "nun turismo low cost que conleva a perda da nosa singularidade, identidade e capacidade de atracción", características que forman parte dun turismo capaz de xerar riqueza no País. De feito, o actual modelo dos Populares "está a crear problemas importantes como a masificación", advertiu, "sobretodo en casos como o de Santiago de Compostela, onde 12.000 mozos e mozas, sufragados pola Xunta de Galicia, participaron nunhas xornadas organizadas pola Igrexa Católica", sinalou, unha experiencia que deixou á cidade colapsada, mais sen ningún retorno económico".

Outra das problemáticas do actual modelo turístico, recriminou, é a xentrificación, que supón "o desprazamento dos veciños dun barrio a outros por mor da suba dos alugueiros e o interese turístico", argumentou o parlamentario do BNG, o que provoca a perda "do rico e variado comercio local, deixando unha oferta comercial uniforme dedicada a un tipo concreto de turismo", denunciou. Un ecosistema comercial onde "cada vez máis proliferan as tendas de souvenirs orientadas ao perfil do visitante" provocado polo tipo de políticas dun Partido Popular, "que procura un perfil único de visitante que só merca un imán e unha camiseta".
Fronte este tipo de políticas turísticas, Pérez propuxo un modelo "máis sustentable, con respecto á integridade biolóxica, medioambiental e cultural, para satisfacer as necesidades económicas pero tamén sociais da sociedade galega", iniciativa que debe introducir cuestións "como a igualdade", remarcou.

O BNG pide ao goberno que retire a medalla de Ouro de Galiza a Francisco Álvarez Cascos acusado de “presunta corrupción” e o PP vota en contra

O deputado por Pontevedra, Luís Bará instou ao goberno galego a retirar a Medalla de Ouro de Galiza concedida a Francisco Álvarez Cascos acusado de “presunta corrupción” polo cobro de 4,7 millóns de euros tras favorecer a empresas durante a súa actividade como ministro. A iniciativa nacionalista foi rexeitada polo Partido popular e a abstención do PSdG.

Bará lembrou que no mes de xuño do ano 2003 a Xunta de Galiza, gobernada polo Partido popular e baixo a presidencia de Manuel Fraga, concedía a Francisco Álvarez Cascos, naquel momento, Ministro de Fomento do goberno central, a Medalla de Ouro de Galiza.

A distinción de tal alto rango, sinalou o nacionalista, foi obxecto de polémica e rexeitamento dunha parte importante da sociedade galega e, sen entrar a valorar as circunstancias daquela decisión, “o paso do tempo veu corroborar que foi un grave erro” pero que despois de 20 anos aínda estamos a tempo de remediar.

Máis alá de decisións atribuíbeis ao daquela ministro que resultaron moi prexudiciais para o noso país como a súa xestión na actuación na crise do Prestige ou a privatización da AP-9 no ano 2003, Bará afirmou que resulta de estrema gravidade a acusación de “presunta corrupción” derivada da actuación pública e privada de Francisco Álvarez Cascos e considerou que o proceder do ex-ministro non se corresponde coa defensa “de honra e dignidade” que defenden as institucións galegas.

O deputado explicou que transcenderon informacións xornalísticas segundo as cales Francisco Álvarez Cascos ingresou “4,7 millóns de euros de empresas que foron favorecidas por decisións tomadas cando ocupada postos de responsabilidade no goberno español” e segundo as mesmas informacións recibiu destas empresas cantidades dende o ano 2004 até o 2018.

Para o nacionalista, as institucións galegas non poden pasar por alto estas graves acusacións, que veñen a acumularse a outros moitos motivos que xustifican a retirada dos recoñecementos honoríficos concedidos.

Tras o anunciou do portavoz popular, José Alberto Pazos Couñago do veto á retirada medalla de Ouro de Galiza a Álvarez Cascos, o parlamentario do BNG cualificou a xustificación de Couñago de “vergoña allea, penosa e lamentable”. Na nosa iniciativa constatamos uns feitos continuados ao longo de dúas décadas que deron lugar a investigacións por parte da Fiscalía e a unha causa xudicial pendente de resolver.

Os feitos, “non deixan en bo lugar a figura do Sr. Cascos” e a súa traxectoria está rodeada de “sombras de acusación de corrupción”. Por outra banda, Bará criticou tamén a intervención do portavoz socialista, Pablo Arangüena pola súa prevención a hora de votar favorablemente a iniciativa nacionalista “poñendo a venda antes da ferida”, quizais polas últimas información que salpican a membros do PSOE.

Cascos representa a marca “corrupción” do Partido popular

Luís Bará negou a afirmación de Pazos Couñago de que a concesión da medalla fora unha decisión honorífica, ao que o deputado do BNG afirmou que pode ser “honorífica pero non honorable” e para nós, a prioridade é clara, “defender os principios éticos, morais, a decencia política e dignidade das institucións galegas”.

Con esta iniciativa queremos denunciar “a corrupción” e guste o non ao Partido popular, Cascos é “un representante da marca PP-corrupción” desa corrupción de “xente de ben” que utiliza todo o aparello do Estado, Executivo, Lexislativo e Xudicial como acabamos de ver nas vinculacións do poder xudicial coa policía en tramas “corruptas e noxentas” para defender os intereses do Partido popular ou apropiarse de diñeiro público para enriquecemento como aconteceu na trama Gürtel, esa “xente de ben que roubou nas arcas públicas” e por esa razón o Partido popular foi condenado por corrupción e tres ministros do PP “pasaron pola cadea”.

Para o deputado do BNG, o PP cometeu un erro no ano 2003 e agora non queren rectificar e pedir a devolución da medalla de Ouro de Galiza para que non permaneza máis tempo na vitrina de Álvarez Cascos.

Bará concluíu a súa intervención lamentando o voto en contra do PP e a abstención do PSdG e afirmou que esta postura representa “unha burla, un insulto aos galegos e galegas e unha falta de respecto institucional”.

> Luis Bará cualifica de “grave error” o recoñecemento ao político que prexudicou gravemente a Galiza na xestión da crise do Prestige, a privatización da AP-9 e agora baixo graves acusacións de “presunta corrupción” por favorecer a empresas cando ocupaba postos de responsabilidade no goberno do estado

O BNG reclama a modernización e o incremento das frecuencias do tren Celta, que une Galiza e Portugal

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, rexistra iniciativas no Congreso para que o Goberno do Estado, en concreto RENFE, aposte pola modernización da vía ferroviaria e o incremento das frecuencias do tren Celta. A frente nacionalista reclama negociar co organismo homólogo portugués para avanzar na renovación do material rodante, a modernización e electrificación da vía e a homologación dos sistemas de seguranza. Así mesmo, reitera a necesidade de que o executivo do Estado español aposte pola saída sur de Vigo para a conexión ferroviaria de alta velocidade con Portugal.

Para a organización nacionalista, o anuncio de RENFE de abrirse a novos mercados ao norte do Pirineos contrasta radicalmente coa falta de atención ás conexións con Portugal. Os dous servizos por sentido do Tren Celta, entre Vigo e Porto, constitúen os únicos traxectos internacionais na actualidade no servizo ferroviario estatal. O goberno luso xa anunciara no seu día a súa intención de negociar unha mellora dos servizos existentes por boca do, por aquel entón, ministro portugués de Infraestruturas, Pedro Nuno Santos.

Con todo, a falta de acordos na cimeira de Viana de novembro e a destitución do ministro luso en decembro dificultan a situación e arrisacase a paralización dos proxectos para modernizae a vía e actualizar o sistema de seguranza ferroviaria luso, así como as voltaxes diferentes da catenaria. "RENFE debe comprometerse coa liña do chamado tren Celta e negociar coa súa homóloga portuguesa para actualizar o material rodante, a modernización e electrificación da vía e a actualización dos sistemas de seguranza" asevera Rego.

"A pesar de que a liña que percorre A Coruña, Vigo, Porto e Lisboa conta cun enorme potencial para transporte de pasaxeiros, este corredor continúa con tan só dúas frecuencias por sentido ao día, operados con trens da serie 592 de 40 anos de antigüidade e cunha tarifa promocional de 5,25 euros. Trens que, debido ao tempo en funcionamento, teñen frecuentes avarías, causando atrasos e desconfianza no servizo, só compensado polo baixo prezo dos billetes" lamenta o deputado nacionalista.

Neste sentido, a organización nacionalista reclama, tamén, negociar o incremento das frecuencias ferroviarias nesta liña, así como mellorar o servizo a través de novo material rodante e eliminar as deficiencias existentes.

Avanzar na conexión ferroviaria de alta velocidade con Portugal

A frente nacionalista insiste na necesidade de impulsar a conexión ferroviaria de alta velocidade entre a Galiza e Portugal para completar a conexión entre Vigo e o Porto. A conexión no Eixo Atlántico con Portugal "debe ser unha obra estratéxica para o desenvolvemento social e económico da Galiza". "O tramo que falta por completar -por parte do Estado español- é tan só de 35 quilómetros. Non é unha obra que non poida ser perfectamente asumida no curto prazo, polo que entendemos que se trata fundamentalmente de vontade política" explica Rego.

Porén, o Goberno do Estado español retrasa a finalización do estudo da saída sur e amplía os prazos. "Esta situación non pode ser tolerada máis. O Goberno do Estado debe axilizar todo o proceso e executar canto antes a obra que lle corresponde" conclúe.

Nestor Rego:
"RENFE debe comprometerse e negociar coa súa homóloga portuguesa para renovar o material rodante, a modernización e electrificación

O BNG insiste en investigar e reclamar responsabilidades após a necesidade de reparación urxente dos viadutos da A-52

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, vén de rexistrar novas iniciativas en relación cos viadutos de Allariz e A Valenzá, na A-52, após anunciar o MITMA obras urxentes de reparación polo deterioramento que presentaban. Trátase de infraestruturas cun proceso construtivo idéntico ao colapsado da A-6, e as deficiencias tamén poden ser equiparábeis. A formación nacionalista xa reclamara no seu día -após o derrubamento do viaduto do Castro- unha auditoría no resto de estruturas semellantes na A-6 e na A-52, especificamente nestes dous viadutos. Así mesmo, Rego insiste na necesidade de afondar na investigación sobre estas infraestruturas e reclamar as responsabilidades que foren precisas, pois a existencia dun deterioramento equiparábel parece confirmar a hipótese dunha execución inadecuada.

Inmediatamente após se producir, o BNG levou ao Congreso o colapso do viaduto do Castro da A-6 e reclamou unha auditoría e revisión do resto de infraestruturas semellantes, especialmente aquelas levantadas coa mesma técnica construtiva, para comprobar que non adoecían dos mesmos defectos estruturais que porían en risco a seguranza. O proceso construtivo dos viadutos da A-52 en Ourense, que están agora mesmo con obras de urxencia, é idéntico ao empregado no viaduto da A-6 que colapsou hai case un ano.

Agora o MITMA admite que, efectivamente, existen danos noutras vías semellantes, destacando os problemas detectados en dous viadutos da A-56 e outra na propia A-6 no tramo leonés. De feito o Consello de Ministros acaba de aprobar pola vía de urxencia destinar máis de 6 millóns de euros aos viadutos Allariz e A Valenzá, na A-52 a autovía das Rías Baixas, para a súa reparación.

"O que o Goberno cualificou no seu día como unha inspección ordinaria das vías, quitando importancia á entidade do problema, puxo de manifesto que as estruturas adoecen do mesmo defecto atopado no viaduto do Castro, a falta de impermeabilización adecuada que permite filtracións que afectan ao cableado e, en consecuencia, á estabilidade da ponte" apunta o deputado do BNG.

Para a frente nacionalista, o Ministerio "debe ser claro e transparente" con toda esta información e debe, sobre todo, "realizar unha investigación que estabeleza cales foron os erros que determinaron que se levantase un viaduto, unha obra pública, con estes defectos". Paralelamente debe analizarse "como se autorizou ese proxecto construtivo e cal foi a inspección, seguimento e recepción das obras en condicións inadecuadas, moi probabelmente -como apuntan os informes sobre o Castro- por unha diminución da calidade dos materiais".

Depurar responsabilidades

O deputado do BNG sinala que existen moitos puntos que continúan sen resposta e a situación agrávase agora coa aparición de novos viadutos con defectos construtivos. "No informe realizado posteriormente ao colapso do viaduto do Castro fálase da presenza anormalmente baixa de formigón e mesmo se sabe que, cando se comezaron a detectar os primeiros problemas, pouco tempo despois da súa inauguración, non se realizou ningunha actuación para corrixilos e esixir a súa reparación ás empresas responsábeis da execución, FCC e ACS" asevera.

"PSOE e PP néganse a abrir unha Comisión de Investigación -de feito bloquearon na Mesa do Congreso unha iniciativa do BNG nese sentido- porque ambas as formacións políticas teñen moito que agochar do seu comportamento permisivo durante os seus respectivos mandatos no Goberno do Estado" denuncia o deputado do BNG.

Mais, neste sentido, Rego reitera a necesidade de afondar na investigación, a través de informes independentes, e reclamar as responsabilidades que foren necesarias. "Se a responsabilidade for -como todo parece indicar- dunha mala execución das empresas construtoras, que puideron antepor o aforro na calidade dos materiais á seguranza das infraestruturas, o lóxico é reclamar as responsabilidades patrimoniais a que houber lugar, en vez de que a cidadanía teña que pagar de novo eses custos. Agora ben, tamén é preciso esclarecer por que as inspeccións do Ministerio non detectaron eses problemas antes da recepción das obras", sinala.

O BNG defende na Eurocámara a trazabilidade dos produtos pesqueiros e marisqueiros galegos

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda, fixo balance da actual Política Pesqueira Común e asegurou que "non tivo os efectos desexados" dez anos despois da súa reforma, xa que a súa aplicación tivo efectos moi negativos nunha nación eminentemente pesqueira como é Galiza. Así, mencionou as continuas reducións de frota e as trabas administrativas coas que se atopan os donos das embarcacións.

"O sector pesqueiro e marisqueiro galego é o máis interesado en ter sostibilidade, pero hai que ter en conta a implicación social das decisións que se toman", manifestou Miranda na Comisión de Pesca, na que mencionou problemas concretos cos que se atopa o sector, como a contaminación por plásticos causada pola industria ou as augas residuais, que nalgunhas zonas provoca mesmo mortalidade dos bivalvos.

Por outro lado, sobre a trazabilidade dos produtos, Ana Miranda destacou que na actualidade "hai a oportunidade de incluír o etiquetado de produtos elaborados e de conserva", tan importantes para a economía galega. Na súa intervención defendeu a trazabilidade dos produtos galegos ao tempo que lembrou a "batalla" que tivo lugar na propia Comisión de Pesca no ano 2012 ao fío do informe Stevenson, cando determinados grupos non apoiaron esta trazabilidade e defenderon a supresión da denominación de orixe do mexillón.

Recoñecemento das confrarías

A eurodeputada galega tamén fixo referencia ao recoñecemento das confrarías como actores fundamentais na toma de decisións no sector pesqueiro e considerou que é "necesaria máis información sobre as tarefas que poden realizar as organizacións de produtores". Ao respecto sinalou que se lle está trasladando que non habería problema no seu recoñecemento, pero habería que dar pasos para avanzar. "É imprescindible que Bruxelas recoñeza a singularidade galega", salientou.